nº 24

# Club Raza Can de Palleiro



Novas -Silleda- Esemblea

Club Raza Can de Palleiro

CLUB RAZA

# CandePalleiro

RAZA AUTOCTONA GALEGA

**Páxina Oficial do Club de Raza Can de Palleiro**

**candepalleiro@clubcandepalleiro.com**

**Club Raza Can de Palleiro**
**Lg. de Barreiros, 2 – Sedes**
**15596 NARÓN (A Coruña)**

# Novas

VII Monográfico
Can de Palleiro
2 Setembro 2018
Juez: D. Mauricio Alonso Troncoso
1º, 2º e 3º clasificado en cada clase e sexo
Pabellón Congresos da Illa de A Toxa
(O Grove)
ademais este concurso é puntuable para o
Trofeo Can de Palleiro/a do ano
en Galicia 2019
Clases admitidas: moi cachorros, cachorros, xuvenis e adultos
11:00 Inspección veterinaria
11:30 Comenzo das probas
Inscricións de balde ata o día 31 de Agosto ás 22:00 h
candepalleiro@clubcandepalleiro.com
DEPUTACIÓN PONTEVEDRA
O Grove
ARION

Can de Palleiro
RAZA AUTÓCTONA GALEGA
IV Monográfico
Can de Palleiro
8 de abril de 2018
Muimenta (Cospeito)
1º, 2º e 3º clasificado en cada clase e sexo
ademais este concurso é puntuable para o
Trofeo Can de Palleiro/a del año en Galicia. 2018
Clases admitidas: cachorros/moi cachorros, xuvenis e adultos
As 16:30 h. revesión veterinaria
As 17:00 h. comenzo das probas
Inscricións ata ás 16:00 h. do 8 de abril de 2018
candepalleiro@clubcandepalleiro.com

XXXVIII Feira do Grelo
10/11 de Febreiro
As Pontes

# VALADOURO

Este ano participamos na I Feira de Razas Autóctonas Galegas da Mariña celebrada no Valadouro o día 3 de Febreiro. Fiel o noso compromiso de espallar e dar a coñecer o noso Can de Palleiro non podíamos faltar a esta cita a pesar do mal tempo que fixo.

Moi interesante esta primeira feira e dende aquí queremos agradecer á organización a súa invitación para asistir a este evento que esperamos se repita en vindeiros anos.

# FEIRA DO GRELO DE AS PONTES

Un ano máis participamos na 38 edición da Feira do Grelo de As Pontes convidados polo Concello que se celebrou os días 10 e 11 de Febreiro, coma sempre unha morea de xente visitou o noso estand e se interesou pola raza Can de Palleiro.

# CHARLA TEÓRICO-PRACTICA NO CEIP LAMAS DE ABADE EN SANTIAGO

**Convidados pola dirección deste centro tivemos o 14 de Marzo unha carla para nenos e nenas de diferentes idades e cursos. Coma sempre estiveron moi atentos os nosos monitores.**

# MOEXMU EN MUIMENTA (COSPEITO)

**Este ano foi a primeira vez que asistimos a esta feira que se celebrou durante os días 6, 7 e 8 de Abril e a verdade é que nos levamos unha boa sorpresa da xente que por alí pasou e iso que non acompañou moito o tempo. O día 8 celebramos o IV Monográfico Can de Palleiro puntuable para o Palleiro do Ano 2018.**





(+34)629864754 Quiero un Perro

EL CLUB LA RAZA NOTICIAS CAMADAS TIENDA CONTACTO

# CAN DE PALLEIRO

tu perro ideal

El Club de Raza Can de Palleiro lanza una campaña online con un vídeo en castellano para dar a conocer fuera de la comunidad autónoma de Galicia.

VER

# PRESENTACIÓN DO VIDEO "O CAN IDEAL" OS PREMIOS DO DÍA DA INTERNET 2018

- O día 10 de Abril presentamos o noso vídeo "O Can Ideal" ós premios do día da Internet 2018, non gañamos pero foi unha forma máis de espallar a raza do Can de Palleiro polas redes sociais. O intentaremos de novo para o vindeiro ano.

**Máis informació e video:**

**http://www.clubcandepalleiro.com/campana-can-de-palleiro-el-perro-ideal/#comment-42**

# FESTA DA TROITA EN SIGÜEIRO

**Como en anos anteriores e convidados polo Concello de Oroso estivemos presentes na Festa da Troita de Sigüeiro o día 13 de Maio. Este ano e con un tempo algo mellor que o do ano pasado aproveitamos o día para repartir folletos e explicar a raza a moitos curiosos que pasaron polo noso estand.**

# CHARLA TEÓRICO-PRACTICA NO CRA RAIÑA ARAGONTA DE SALCEDA DE CASELAS

**Seguindo na liña de concienciar os máis novos da reponsabilidade que conleva ter unha mascota tivemos unha nova charla no CRA de Salceda de Caselas o 16 de Maio.**

# SEMANA VERDE DE SILLEDA

**Do 7 o 10 de Xuño estivemos un ano máis na Semana Verde de Silleda onde a parte de participar durante os catro días co noso estand fixemos o domingo día 10 varios actos durante a mañá e que nomeamos:**

- **V Monográfico Can de Palleiro e Palleiro do Ano 2018. O Palleiro do ano por puntuación en varios monográficos foi para o exemplar Rois.**
- **Obediencia básica.**
- **Concurso "que listo é o meu can"**
- **Presentación do Pastor Vasco.**
- **Entrega de premios: Palleiros de Honra, concurso de fotografía, monográfico e Palleiro do Ano.**

V MONOGRÁFICO
"CAN DE PALLEIRO"
CLUB RAZA
CanDePalleiro
RAZA AUTOCTONA GALEGA
Silleda 2018
V MONOGRÁFICO RAZA CAN DE PALLEIRO
Can de Palleiro
Silleda 2018

Entrega do trofeo "Palleiro Honra" 2018.

# FEIRA DO TRECE EN ALFOZ

**O 16 de Xuño participamos nesta feira que os veciños de Alfoz queren recuperar, una iniciativa sempre interesante de cara a que o rural medre e potencie algo que nunca se tivo que perder.**

# FEIRA RURAL DE SAN SADURNIÑO

**Coma en anos anteriores estivemos na Feira Rural de San Sadurniño onde estivemos co noso estand e fixemos o VI Monográfico Can de Palleiro con unha moi boa participación de exemplares.**

**10:00h. Apertura de postos de Agroalimentación, Artesanía, Viveiros e 2ª man**

**10:30 a 19:30h. Exposicións Permanentes:**
- Froita Autóctona da Asociación A.G.S.A. do Eume
- Apicultura da Casa do Mel de Goente
- Gocilas e Ibebelos solares da Asociación Os Picos do Sol
- Club de raza Can de Palleiro
- Campaña: "Separar con sentido, para reciclar a lenta"

**Iniciativas de recuperación e activación do rural**
- Asoc. El Pino de Luyes (Castela León)
- La huerta del lugar (Aragón)
- Asoc. Mascotenes (Barbanza, Sar e A Maía)
- Club Siemrse de amigos de la manzana de Asturias

**Concurso da Froita Autóctona.**
- Inscricións de lotes de froita para concurso. 10:30 a 11:30h.
- Fallo do concurso da Froita. 13:30h.
- Entrega de Premios. 13:30h.

**Premios**

| | |
|---|---|
| 1º | Cesto de produtos ecolóxicos valorado en 100 euros |
| 2º | Cesto de produtos ecolóxicos valorado en 75 euros |
| 3º | Cesto de produtos ecolóxicos valorado en 50 euros |

Premios á participación. Agasallo dunha froiteira autóctona
- 13:45h. 1º Sorteo de cestos con produtos do país
- 19:45h. 2º Sorteo de cestos da froita en exposición e produtos do país

**Degustación:**
- Froita autóctona. 12:00 a 14:00h. e de 17:30 a 19:30h

**11:00 a 13:30h. Probas:**
- 7ª Copa Agility Concello de San Sadurniño
- Concurso monográfico da raza can/cadela de Palleiro 17:00 a 19:00h

**Exhibición Hípica:**
- Saltos a cabalo 18:00 a 18:30h.
- Xincana a cabalo 19:00 a 19:30h.

**Actuacións:**
- Grupo de pandereiteiras "Lina e Lola" (ao longo de todo o día)
- Cuarteto tradicional "Xente Nova" de Ferrol (ao longo de todo o día)

**Actividades/Obradoiros (con inscrición previa):**
- Bakedas en carroa polo Río Xubia. 11:00 a 14:30h. e de 15:30 a 19:00h.
- Visita guiada á horta de froiteiras con obradeiro de enxertado. 11:30h.
- Visitas guiadas ao Apiario Didáctico. 12:30h. e 18:00h.
- Obradeiro de construcción de casiñas niño (10 prazas). 12:15 a 13:45h.
- Obradeiro infantil de elaboración de queixo (30 prazas). 16:45 a 18:45h.
- Visita guiada á horta de froiteiras con obradeiro de poda de verán. 17:00h.
- Paseos a cabalo/poní para o público asistente
  - 18:30 a 19:00h. persoas adultas
  - 19:30 a 20:00h. rapazada

**Posto do Concello inscricións para:**
- Obradeiro de poda de verán na Horta de Froiteiras
- Obradeiro de enxertado na Horta de Froiteiras
- Visita guiada ao apiario didáctico
- Bakedas en carroa
- Obradeiro infantil de elaboración de queixo
- Obradeiro de construcción de casiñas niño
- Paseos a cabalo
- Información turística

**Para xantar :**
Churrasco e/ou polbo (venda de tickets no toldo)

**20:15h. Clausura** da X Feira Rural.

Organiza: San Sadurniño www.sansadurnino.gal

Colabora: Deputación da Coruña · Casa do Mel · Can de Palleiro · Viveiro O Pomarriño

# VII MONOGRÁFICO NA ILLA DE A TOXA

**No incomparable marco da Illa de A Toxa celebramos o VII Monográfico Can de Palleiro o pasado día 2 de Setembro rodeados de outras razas que concursaban nos distintos eventos do Gran premio Festa do Marisco.**

# RESENTACIÓN DA CERVEXA "A PALLEIRA"

O pasado día 24 de Novembro tivemos

**O pasado día 24 de Novembro tivemos a honra de ir coma convidados a presentación da cervexa artesanal "A Palleira".**

# PRESENTACIÓN DO CONTO “DON FERRETÍN FERRETÓN E O SEU CAN LAMBÓN” UN CONTO SOBRE O CAN DE PALLEIRO.

**O pasado 1 de Nadal no espazo Culturgal en Pontevedra tivo lugar a presentación do conto para nenos “Don Ferretín Ferretón e o seu can Lambón” de Cristina Corral Soilán e Aurora Cascudo Román, o conto será editado pola editorial Farabunda.**

# INSIGNIA DE RECOÑECEMENTO DA SOCIEDADE CANINA GALEGA

**O día 2 de Decembro nos actos que a Sociedade Canina Galega celebrou no hotel Scala de Padrón se nos entregou a insignia de prata como recoñecemento desta sociedade a labor que desempeña o Club Raza Can de Palleiro na recuperación e difusión da raza.**

# ASEMBLEAS E XANTAR DE NADAL

**Coma en anos anteriores cerramos as actividades do 2018 coas asembleas xeráis de socios e o xantar de Nadal, tamén tivemos unha charla para xuíces.**

**Rematado o xantar procedemos a un sorteo de agasallos entre os asistentes de tal xeito que ningún socio presente se foi sen o seu agasallo.**

**Antes do xantar tivemos unha desgustación de cervexa artesanal A Palleira.**

**La Ferrolana rinde homenaje al Can de Palleiro**

La marca de cervezas artesana La Ferrolana acaba de lanzar al mercado su cuarta variedad, la Palleira, una Brown Ale en la que se combinan cuatro tipos de malta, avena y lúpulo Fuggles. En su

# Federapes

Federación de Razas Autóctonas Españolas

XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

# VII CONCURSO DE FOTOGRAFIA "CAN DE PALLEIRO 2018"

# ¡Feliz 2019!

CLUB RAZA
CandePalleiro
RAZA AUTOCTONA GALEGA

Can de Palleiro